

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Corrección de erros.- Orde do 4 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

Advertidos erros na citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do venres 7 de maio de 2010, cómpre efectuar as seguintes correccións:

Na páxina 8.092, o artigo 15º, parágrafo primeiro, onde di: «As axudas ás contratacións indefinidas iniciais e as transformacións de contratos temporais en indefinidos, que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada», debe dicir: «As axudas ás contratacións indefinidas iniciais e as transformacións de contratos temporais en indefinidos, así como as contratacións temporais que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada».

Na páxina 8.096, a base primeira 2 c) do anexo B onde di: «c) No caso de persoas desempregadas per-

tencentes aos colectivos en risco de exclusión social sinalados no artigo 2º.1 f) desta orde, incentivaranse en todas as empresas, todas as transformacións, calquera que sexa a modalidade do contrato temporal», debe dicir: «c) No caso de persoas desempregadas pertencentes aos colectivos en risco de exclusión social sinalados no artigo 2º.1 letras e) e f) desta orde, incentivaranse en todas as empresas todas as transformacións, calquera que sexa a modalidade do contrato temporal».

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 27 de maio de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, convocado pola Orde do 26 de xuño de 2009 (Diario Oficial de Galicia número 129, do 3 de xullo), pola que se dá publicidade a diversos acordos.

Na sesión que tivo lugar o día 27 de maio de 2010, o tribunal designado pola Orde do 14 de xaneiro de 2010, para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo de xestión de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A2, de conformidade co disposto na base II da convocatoria

ACORDOU:

Primeiro.-Á vista das reclamacións e alegacións presentadas, modificar no modelo de respostas publicado a contestación ás preguntas seguintes do segundo exercicio, de maneira que na pregunta número 5 a resposta correcta é a letra C.

Segundo.-Anular, de acordo coas alegacións presentadas, a pregunta número 3, que pasa a ser substituída pola pregunta de reserva número 41.

Terceiro.-Desestimar na súa totalidade as restantes reclamacións e alegacións presentadas.

Cuarto.-Contra os acordos anteriores poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, consonte o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Quinto.-Que, de acordo co establecido na base II.1.1.2 da orde da convocatoria, superaron este